

Asunto: Alegacións á RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Avoceta Wind e as súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Carballedo (Lugo) e San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense (Ourense) e promovido por Avoceta Solar, S.L.U. (expediente IN408A/2021/052), DOG Núm. 35, de 19 de febreiro de 2024

D./D^a. _____ con DNI. Nº. _____
e con domicilio a efectos de notificacións en _____
teléfono _____

EXPÓN:

Á vista da RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Avoceta Wind e as súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Carballedo (Lugo) e San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense (Ourense) e promovido por Avoceta Solar, S.L.U. (expediente IN408A/2021/052), DOG Núm. 35, de 19 de febreiro de 2024, por medio do presente escrito presenta as seguintes

ALEGACIÓN:

1. **AFECCIÓN MOI SEVERA E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA A REDE NATURA 2000.** O proxecto industrial eólico prevé a instalación de 8 aeroxeradores de 200 metros de altura á beira da REDE NATURA 2000. O proxecto industrial eólico limita e condiciona a futura ampliación da Rede Natura 2000. Neste caso, existe unha afección visual e paisaxística para a Rede Natura 2000, polo que non se xustifica por parte do promotor a existencia de razóns imperiosas de interese público que fagan necesario un proxecto eólico máis, nunha área xeográfica caracterizada por unha elevada concentración de parques eólicos.
2. **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA OS ESPAZOS CATALOGADOS E ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO (AEIP).** A afección visual e paisaxística esténdese á ZEC MONTE FARO. O proxecto eólico afecta á funcionalidade paisaxística de espazos catalogados como (AEIP_07_32 Mosteiro de Oseira, AEIP_03_13 Monte Faro, AEIP_05_03 Ribeira Sacra, AEIP_07_31 Pozo Negro). Existe tamén una afección severa á Rede de Miradoiros (Alto da Serra Martiñá, San Facundo, Pena de Francia, Cabo do Mundo, Mirador da Cova)
3. **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA Á VÍA HISTÓRICO – CULTURAL.** A LAT é incompatible coa afección paisaxística ao Camiño de Santiago – Vía da Prata. As infraestruturas do polígono e LAT invaden, e así o recoñece o Estudo de Impacto sobre o patrimonio cultural, ás áreas de protección do CASTRO DE BAÍNTE, do CONXUNTO DE BELQUIRIME e do TÚMULO DE OS CHAOS, e ten afectación severa o PETROGLIFO DE PARADELA e a PONTELLA SOBRE O BARBANTIÑO, entre outros, sen que as medidas correctoras propostas vaian impedir un impacto grave. O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente e o Patrimonio cultural inmaterial está sen avaliar. A mercantil promotora obvia no IAE: arqueoloxía da paisaxe, os valos de pedra seca, o Camiño Real, os muíños e o patrimonio etnográfico vencellado aos ríos do ámbito xeográfico.
4. **AFECCIÓN A ESPECIES CATALOGADAS.** O proxecto sitúase en áreas prioritarias de avifauna ameazada e zonas de protección de avifauna contra liñas eléctricas.
5. **AFECCIÓN SEVERA Á RESERVA DA BIOSFERA RIBEIRA SACRA E SERRAS DO ORIBIO E COUREL.** A localización do aeroxerador 001 conta con afección á Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio Courel. Existe vulneración do principio de non regresión ambiental.
6. **AFECCIÓN AOS NÚCLEOS E ÁS VIVENDAS DAS FAMILIAS.** A localización do aeroxerador 007, atopase na Zona de Máxima sensibilidade ambiental e non recomendada para a instalación da enerxía eólica, segundo a Zonificación do *Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico*. A respecto da perimetral do polígono, que deixa dentro 18 núcleos de poboación... e que as propiedades (casas, fincas, explotacións) perden automaticamente un 30% do seu valor. Do mesmo xeito a liña de alta tensión pasa ou atravesa varios núcleos de poboación.
7. **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E DANO IRREVERSIBLES PARA OS HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERESE COMUNITARIO.** O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.
8. **AFECCIÓN MOI SEVERA E PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA OS RECURSOS HÍDRICOS. VULNERACIÓN FLAGRANTE DA DIRECTIVA MARCO DÁ AUGA (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A**

CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS. Existen multitude de recursos hídricos na área de afección do proxecto obviados pola promotora. Prevese a localización de moitas das torres da LAT en zonas ribeiregas con cauces e humidais. O impacto aos recursos hídricos puidera ser irreversible. A rotura dun acuífero podería deixar sen auga á poboación e incluso a fontes e cauces.

9. **NON SE AVALÍA DE MANEIRA OBXECTIVA A ALTERNATIVA EN RELACIÓN A TÓDOLOS ASPECTOS AMBIENTAIS E SOCIAIS.** Prevese unha afección moi severa por parte do proxecto da LAT ás familias que viven, residen e/ou traballan en máis de 60 núcleos poboacionais. Non se fala da afección sobre a calidade de vida dos residentes da contorna das instalacións, nin do consumo de recursos ou a non emisión de residuos que se evitarían coa non execución do plan. **IMPACTOS SOBRE A SAÚDE HUMANA E O BENESTAR DÁS FAMILIAS AFECTADAS.** Importantes perdas económicas (forestais, agrícola-gandeiras e absorción de carbono). Por outra banda, o **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA.**

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1. Teña a esta parte como persoada e parte no expediente IN408A/2021/052, DOG Núm. 35, de 19 de febreiro de 2024.
2. Proceda ao rexeitamento do proxecto eólico porque prevese instalar nunha área xeográfica caracterizada pola elevada sensibilidade ambiental, limitando e condicionando a futura ampliación da REDE NATURA 2000.
3. Facilite o acceso aos informes sectoriais determinantes ou relevantes para a resolución do procedemento expediente IN408A/2021/052, DOG Núm. 35, de 19 de febreiro de 2024.
4. Déselle a esta parte o correspondente trámite de audiencia no momento procedimental oportuno antes de autorizar a DIA e o proxecto industrial eólico.
5. O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico

En _____, a ____ de _____ do 2024

ASDO.- _____